

Ref/Juan M Salguero del Valle/Asesoría Xurídica-Secretaría Xeral do Pleno

**ACTA NÚM. 16 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA SEIS DE NOVEMBRO DE 2014.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dez horas e trinta minutos** do día **seis de novembro de 2014**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria e urgente.

**A S I S T E N:**

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, **Alcalde-Presidente.**

**CONCELLEIROS/AS:**

**Grupo Municipal PP:**

Don Ángel Benito Currás Fernández.  
Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.  
Don Luís Meijide Rodríguez.  
Don José María Rosende Rico.  
Dona Marta González Vázquez.  
Don Ramón Quiroga Limia.  
Don Manuel Martínez Varela.  
Dona María José Corral López.  
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.  
Dona María Jesús Amparo Sáinz García.  
Dona Teresa María Gutiérrez López.  
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.

**Grupo Municipal PSdeG-PSOE:**

Don Benardino Higinio Rama Seoane.  
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.  
Don Francisco Reyes Santiás.  
Don José A. Baqueiro Canabal.

**Grupo Municipal BNG:**

Don Rubén Cela Díaz.  
Dona Elvira Cienfuegos López.  
Don Rafael Xesús Vilar González.

Don Vicente Calvo del Castillo, **Interventor do Concello.**

Juan Manuel Salguero del Valle, **Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

**Non asisten** os/as concelleiros/as do grupo municipal socialista: Dona Mar Martín García, Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales, Don Gonzalo Muíños Sánchez, Dona Mª de los Ángeles Gómez Bugallo e Dona Rosario Valledor Puente.

**ORDEN DO DÍA:**

- 1. Ratificación, se procede, da urxencia da sesión.**
- 2. Aprobación de crédito extraordinario / suplemento de crédito nº 2014-CREXT-02 para amortizar anticipadamente débeda e para investimentos financeiramente sustentables, financiadas con remanente líquido de tesourería para gastos xerais consolidado, por importe de 5.286.340,85 euros, en cumprimento do artigo 32 da LOEP e disposición adicional 16º do TRLFL 2/2004.**
- 3. Aprobación de crédito extraordinario / suplemento de crédito nº 2014-CREXT-03 para investimentos finanziados con cargo a remanente de tesourería afectado.**

Cumpriméntase así:

O **Sr. Alcalde-Presidente** indica o inicio da celebración do presente pleno con carácter extraordinario e urgente, e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

**1. RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.**

Aberta a sesión, en cumprimento do disposto no artigo 46.2.b da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, o **Sr. alcalde-Presidente** somete a consideración do Pleno a ratificación da urgencia da Sesión.

A tal fin, outórgalle a palabra ao **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda**, quen manifesta que a Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece no artigo 46.2.b) a legalidade de celebrarse plenos extraordinarios urxentes, polo que a convocatoria con este carácter deberá ser ratificada polo Pleno.

No mesmo sentido, apunta que o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello, aprobado no ano 2008, establece no artigo 50, sesións extraordinarias de carácter urxente.

As sesións extraordinarias urxentes, clarexa, poderán ser convocadas, polo Presidente ou Presidenta, cando a urxencia do asunto ou asuntos que se vaian a tratar non permitan a convocatoria coa antelación mínima establecida neste Regulamento.

Sinala que o primeiro punto da orde do día será o pronunciamento sobre a urxencia. De non resultar apreciada polo Pleno, levantarase acto seguido a sesión.

A favor da urxencia, alega que se están a tratar expedientes complexos instrumentados a través de suplementos de crédito ou créditos extraordinarios, regulados na Lei de Facendas Locais, cuxa tramitación regúlase no artigo 177, o cal establece que o expediente que haberá de ser previamente informado pola Intervención, someterase á aprobación do Pleno da Corporación con suxección aos mesmos trámites e requisitos que os orzamentos.

Do mesmo xeito, indica que se esixe unha publicación de quince días no Boletín Oficial da Provincia, e a resolución das reclamacións no caso de habelas. Tamén di que os sitúa no derradeiro tramo do ano orzamentario.

Considera que ambos expedientes son conexos e complexos, polo que deben instrumentarse mediante créditos extraordinarios ou suplementos de crédito. De ser así, afirma, é preciso dispor de financiamento adecuado.

Neste senso, apunta que o primeiro expediente referido á aplicación do artigo 32 da Lei 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, resulta unha novidade lexislativa derivada do Real Decreto 2/2014 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014, a causa das tormentas de vento e mar na fachada atlántica e na costa cantábrica. Á súa vez, prosegue, introduce unha disposición final primeira de modificación do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais que deriva da disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Deste xeito, di que a novidade lexislativa introducida mediante modificación da Lei de Facendas Locais, establece os supostos nos que é posible fazer os investimentos sostibles, pero asemade, o carácter exnovo condiciona o criterio definitivo aplicable en cada uso que precisa do estudo pormenorizado.

Por outra banda, precisa que só no marco do control da execución anual e transcorrido o tempo, resulta posible planificar o emprego dos remanentes ao tratarse dunha cantidade elevada, concretamente 5,2 millóns de euros. Deste xeito, engade que a decisión de executar investimento ou pago da débeda condiciona, en gran medida, a execución orzamentaria, os resultados e as necesidades futuras cara o 2015. Unha vez analizadas as diferentes variables, indica que a decisión prudente do uso do remanentes mediante plans de choque de investimentos e amortización de débeda, determina o xeito de suplementar ou adoptar os compromisos pendentes de execución referidos ao segundo expediente, xa que logo, resulta preciso dispoñer dos créditos necesarios.

En resumo, insiste en que só unha vez determinado o uso do superávit, é posible dispoñer das partidas necesarias para resolver os compromisos pendentes do segundo expediente.

Por outra banda, di que a normativa do mencionado Real Decreto 2/2014, establece a necesidade, salvo as propias excepcións que menciona, da iniciación do correspondente expediente de gasto e o recoñecemento da totalidade das obligas económicas derivadas do investimento executado, que deberán realizarse por parte da Corporación Local antes da finalización do exercicio da aplicación da disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012. Polo tanto, reitera que, ao situarnos nun escenario de execución no derradeiro tramo do ano, é preciso axilizar a tramitación e a execución do expediente.

Con respecto ao pleno coñecemento do expediente que se somete a acordo, asegura que está garantido, e que os grupos dispoñen xa, dende o día 29 de outubro, de parte da documentación correspondente ao Auditorio, e do informe completo da intervención xeral. Ademáis, o día 3 de novembro, lembra que se facilitou o expediente completo, superando os dous días que, como prazo de carácter xeral, establece o artigo 46 da Lei de Bases de Réxime Local. Así mesmo afirma que, con carácter previo, celebrouse a preceptiva comisión informativa, e anuncia que se levará a cabo unha exposición ao público de quince días.

A maiores, advírtete que o expediente concreto unha vez aprobado inicialmente, tramítase cunha exposición ao público de quince días, o que garante tamén na exposición, un plus de coñecemento pleno do expediente que en caso de alegacións, deberán ser resoltas polo pleno.

Tendo en consideración o anterior, é dicir, o interese que teñen para a cidade as actuacións contidas no expediente (o plan de obras sostibles e urxentes, a amortización da débeda, e afrontar compromisos pendentes de execución), considera xustificada a convocatoria do pleno extraordinario e urgente. Consecuentemente, propón a súa ratificación.

Trala exposición do Sr. Quiroga Limia, ten a palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**.

Di que nos últimos meses, a pesar de que as caras do grupo de goberno mudaron moito, as formas seguen a ser as mesmas que cando presidía este pleno o Sr. Conde Roa ou o Sr. Currás. Así, lamenta ter que comezar un pleno denunciando as formas na convocatoria do mesmo. Relata que, de xeito recurrente ao longo destes últimos anos, o PP fai un abuso das convocatorias extraordinarias e urxentes para abordar temas que en absoluto son imprevisibles ou sobrevidos, tal e como se pon de manifesto no presente pleno.

Á vez que recoñece, tal e como comentaba antes o Sr. Quiroga Limia, que fican poucas semanas para o remate deste exercicio, culpabiliza ao grupo de goberno desta situación. Atendendo ao modo no que se convocou, indica que foi trala comisión informativa preceptiva, hai pouco máis dunha hora, onde se informou formalmente da convocatoria deste pleno. É dicir, fai tan só uns minutos. Ademáis, sorpréndelle que o día escollido sexa un xoves, xa que hai pouco máis dun mes o Partido Popular esgrimiou argumentos varios e votou en solitario, que o pleno ordinario fora trasladado precisamente dos xoves aos venres, a pesar de que así se acordou, no seu momento, por parte desta corporación.

Reitera que este xeito de actuar, o abuso tanto da maioría como da normativa de urxencias, non resulta unha novidade, pois é o mecanismo que lle permite ao PP levar a cabo auténticos atropelos neste pleno, tal e como quedou patente no caso da aprobación do plan de axuste do concello.

Ao respecto, engade que se trataba dun documento que obrigaba a este concello, a medio prazo, a facer recortes fortísimos na súa administración en temas tan sensibles como os traballadores/as e as súas condicións laborais. A pesar da relevancia do texto,

Láíase de que a oposición tivese acceso ao mesmo dez minutos antes de vir a este pleno para votalo, e non se lles dése a oportunidade de abrir a carpeta onde se recollía aquela documentación. A día de hoxe, admite que sí se comunicou, tanto de xeito verbal como escrito por correo electrónico, polo que non lle colle de sorpresa ou desprevisto. Tamén entende que este non é un xeito serio de actuar, e prega que este tipo de practicas se desterrén dunha vez por todas desta administración.

Tampouco comprende que non faciliten debidamente as respostas ás informacions solicitadas polos grupos da oposición, precisamente para cumplir coa súa función e preparar debidamente estas sesións plenarias.

Acorde con todo o anteriormente exposto, anuncia que dende o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, non consideran xustificada a declaración de urxencia nos termos que marca a normativa vixente e, polo tanto, votarán en contra.

De seguido, está no uso da palabra o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**.

Asegura que o actual grupo de goberno está a facer, con esta convocatoria extraordinaria e urxente para decidir o destino dos remanentes de tesourería e de crédito, exactamente o mesmo que os seus antecesores, o Sr. Conde Roa e o Sr. Currás, confirmando así un continuismo no referente ás formas e aos estilos. Semella, asegura, que están a xestionar a súa finca particular, e non os intereses da cidade e de todos os veciños e veciñas.

Considera, polo tanto, que mudou únicamente o feito de que, cando antes tiñan enfronte trece concelleiros votados pola maioría absoluta dos veciños e veciñas de Santiago, agora hai un goberno coa maioría absoluta dos seus membros escollidos dedocráticamente polo Presidente do Partido Popular de Galicia, o Sr. Núñez Feijóo, e polo Vicesecretario Xeral do Partido Popular, o Sr. Hernández. Do mesmo xeito, lamenta que a convocatoria fose unha hora máis tarde do remate da Comisión de Facenda, na que os dous grupos políticos da oposición fixeron preguntas respondidas polo goberno, pero non queda prácticamente tempo para preparar convenientemente, con respecto a esas preguntas, o que vai acontecer a continuación no pleno.

Di que o feito de recorrer á urxencia débese ao pouco tempo que resta para poder aplicar estes remanentes, a pesar de que no PP os coñecen dende xullo, cando tiveron conciencia da liquidación do orzamento do 2013. Polo tanto, cuestiona que fixeron mentres tanto para ter que chegar a esta situación e ter que convocar un pleno

urxente cuxas consecuencias son visibles nas bancadas do grupo socialista, pois faltan unha serie de concelleiros/as que non puideron vir hoxe para asistir ao pleno, debido aos seus compromisos laborais. Así, asume que esta proposta de aplicación de remanentes por parte do goberno, vaise aprobar por unha maioría de concelleiros/as non escollidos democraticamente, mentres que quenes sí o foron, non teñen a oportunidade de estar aquí sentados por mor das súas obrigas laborais.

Tampouco entende por que para a mudanza do día do pleno, do xoves ao venres, o PP alegou incompatibilidade laboral e, neste momento están a celebrar un pleno extraordinario precisamente un xoves pola mañá. Quizais se debe, apunta, a que esta semana non tiñan tanto traballo.

Finalmente, comunica que o voto do grupo municipal socialista, por entender que non está xustificada a urxencia da convocatoria deste pleno extraordinario, será en contra.

Para a réplica, ten a palabra o **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda**.

En primeiro lugar, quere remarcar dúas cuestiós. Di que o pleno do auditorio está convocado dende o día 29 de outubro, data na cal se puxo a disposición o expediente. Ademáis, dende o día 3 de novembro facilitouse o expediente completo, comunicándose tamén por correo electrónico que o pleno era hoxe. Polo tanto, entende que non se pode afirmar que houbese unha imprevisión, nin que se convocara o pleno trala comisión informativa.

En suma, insiste en que o día 29 de outubro convocouse o pleno do Auditorio, e o día 3 de novembro a comisión informativa. Informouse tamén por correo electrónico da data da celebración do pleno, ás 10:30 horas, polo que rexeita calquera acusación de imprevisión. A exposición ao público, notifica que será de quince días.

Por último, dado que existe un interese xeral e público para os veciños de que se acometan estas actuacóns antes de final de ano, recalca que sí hai unha motivación más que suficiente para a convocatoria do pleno extraordinario e urxente, tal e como prevé a Lei de Bases de Réxime Local e o Regulamento do Pleno do Concello, aprobado no ano 2008.

Rematado o primeiro turno de intervencións, non tendo lugar o segundo e sometido o punto da orde do día a **votación da urxencia**, ten lugar o seguinte resultado:

**Votos a favor: 13 PP**

**Votos en contra: 7 (4 PSdeG-PSOE e 3 BNG)**

**Abstencións: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por mayoría absoluta aprobar a urgencia da sesión extraordinaria e urgente do 6 de novembro de 2014.

**2. APROBACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO / SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2014-CREXT-02 PARA AMORTIZAR ANTICIPADAMENTE DÉBEDA E PARA INVESTIMENTOS FINANCIERAMENTE SUSTENTABLES, FINANCIADAS CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS CONSOLIDADO, POR IMPORTE DE 5.286.340,85 EUROS, EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 32 DA LOEP E DISPOSICIÓN ADICIONAL 16º DO TRLFL 2/2004.**

A proposta do concelleiro delegado de facenda referente ao asunto do epígrafe é do teor literal seguinte:

**“PLAN DE CHOQUE DE ACTUACIÓNS SUSTENTABLES E URXENTES**

O artigo 32 da LOEP obriga a destina-lo remanente líquido de tesourería para gastos xerais á amortización da débeda. Malia o anterior, a disposición adicional 16ª do TRLRFL 2/2004, introducido polo Real Decreto Lei 2/2014 de 21 de febreiro, permite destinar o superávit a investimentos financeiramente sustentables cunha serie de requisitos.

O cálculo do devandito remanente líquido de tesourería para gastos xerais faise a nivel consolidado, de xeito que se algunha entidade dependente ten remanente líquido de tesourería para gastos xerais positivo, deberá destinarse á amortización da débeda, considerada tamén de xeito consolidado, o que deriva na conclusión de que se a entidade dependente non ten débeda, deberá amortizarse a débeda do Concello, como é o caso.

Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos regulados no artigo 32 da LOEP, se propón a aprobación da amortización de débeda e do Plan de choque de actuacíons financeiramente sustentables e urxentes, que descríbese a continuación.

**Logo de ver os seguintes Informes- propostas e propostas:**

- 1) Informe-proposta de aprobación de Crédito extraordinario/Suplemento de crédito nº 2014-CREXT-02 para investimentos financeiramente sustentables, asinada polo Director de área de urbanismo e infraestruturas, e Proposta da Concelleira delegada da Área de desenvolvimento urbano sostible, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 27 de outubro de 2014.
- 2) Informe-proposta de aprobación de Crédito extraordinario nº 2014-CREXT-02 para investimentos financeiramente sustentables, asinada polo Director de área de persoal e contratación, e proposta do Concelleiro delegada da Área de Réxime Interior e Administración Pública, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 27 de outubro de 2014.
- 3) Informe-proposta de aprobación de Crédito extraordinario nº 2014-CREXT-02 para investimentos financeiramente sustentables, asinada pola xefa de servizo de Seguridade e Mobilidade, e proposta do Concelleiro delegada da Área de Seguridade e Mobilidade, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 28 de outubro de 2014.
- 4) Informe-proposta de aprobación de Crédito extraordinario nº 2014-CREXT-02 para amortizar anticipadamente débeda, asinada pola Directora de área de Facenda e Orzamentos, de data 27 de outubro de 2014.

Logo de ver que o expediente ten carácter urgente e non pode demorarse até o exercicio seguinte. De conformidade co establecido no artigo 12.1 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2014, esta Concellería, de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

**PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO para o seu posterior traslado ó Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

**PRIMEIRO:** aprobar inicialmente o expediente de Crédito extraordinario/Suplemento de crédito nº 2014-CREXT-02, para amortizar anticipadamente débeda e para investimentos financeiramente sustentables, financiados con Remanente líquido de tesourería para gastos xerais consolidado, por importe de 5.286.340,85 euros, en cumprimento do artigo 32 da LOEP e DISP. ADICIONAL 16<sup>a</sup> DO TRLRHL 2/2004.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación CRÉDITO EXTRAORDINARIO/SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

PARTIDA INCREMENTADA			DENOMINACIÓN	PROXECTOS	IMPORTE	TIPO MC
031	93300	63200	Reparación cuberta taller parque móvil	2014-4-PMOBI-67	24.000,00	CE
050	93300	63200	Proxecto da obra do Arquivo nos locais de Emuvissa propiedade do Concello	2014-4-ARQUI-55	50.000,00	CE
050	16500	60900	Obras de ampliación das instalacións de alumeadoo público no campo de fútbol de Santa Isabel	2014-4-ISAB-65	9.000,00	CE
050	16500	61900	Proxectos de obras de reforma e reposición de alumeadoo público	2014-4-ALUME-71	140.000,00	CE
050	44200	60900	Obras de instalación de marquesñas	2014-4-MARQU-68	20.000,00	CE
050	16100	61900	Proxectos de obras de reposición de saneamento, abastecemento e distribución de augas	2014-4-SANEA-72	100.000,00	CE
060	13300	62300	Instalacións semafóricas, bolardos e outros.	2014-4-BOLAR-69	356.700,00	CE
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO					699.700,00	CE
030	01100	91300	Amortización de débeda		4.008.505,85	SC
050	15500	61900	Proxectos de pavimentación vías públicas	2014-4-VIASP-70	300.000,00	SC
050	45400	61900	Proxectos de reposición camiños veciñais	2014-4-CVECI-73	200.000,00	SC
050	17100	60900	>Creación área xogos Meixonfrío: 59.895 € > Creación Área xogos en Verdía: 18.150 €	2014-4-PARQU-66	78.135,00	SC

<b>TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO</b>	<b>4.586.640,85</b>	<b>SC</b>
<b>TOTAL</b>	<b>5.286.340,85</b>	

B) Financiamento: Remanente de tesourería para gastos xerais: **5.286.340,85 euros**

CONCEPTO DE INGRESOS INCREMENTADO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	5.286.340,85 euros

C) Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	699.700,00 euros
2.- Total suplemento de crédito.....	4.586.640,85 euros
3.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	0 euros
b) Baixas por anulación.....	0 euros
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	5.286.340,85 euros
4.- Financiamento igual a habilitación CE/SC.....	5.286.340,85 euros

**SEGUNDO:** expoñer ó público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algúnhia, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

O informe que emitiu sobre dita cuestión o Sr. Interventor Xeral de Fondos Municipais é o que a continuación se transcribe:

“1. EXPEDIENTE DO CONCELLO DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO/SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2014-CREXT-02 PARA AMORTIZAR ANTICIPADAMENTE DÉBEDA E PARA INVESTIMENTOS FINANCIERAMENTE SUSTENTABLES, FINANCIADAS CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS CONSOLIDADO, POR IMPORTE DE

5.286.340,85 EUROS, EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 32 DA LOEP E DISP. ADICIONAL 16ª DO TRLFL 2/2004.

2. EXPEDIENTE DO ORGANISMO AUTÓNOMO AUDITORIO DE GALICIA PARA APROBAR O EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 2014-CREXT -01 DO AUDITORIO PARA TRANSFERIR AO CONCELLO O REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO ANO 2013, POR IMPORTE DE 693.062,98 EUROS, COA FINALIDADE DE QUE O CONCELLO FINANCIE O SEU EXPEDIENTE 2014-CREXT-02, DESTINADO A AMORTIZAR ANTICIPADAMENTE DÉBEDA E PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SUSTENTABLES, FINANCIADAS CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS CONSOLIDADO, POR IMPORTE DE 5.286.340,85 EUROS, EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 32 DA LOEP E D.A. 16ª DO TRLFL 2/2004.

#### **ANTECEDENTES.**

Incorpóranse informes proposta dos expedientes mencionados, informe de inversions sustentables e Memoria económica específica.

As modificación que se propoñen có expediente do Concello son:

#### **A) Habilitación CRÉDITO EXTRAORDINARIO/SUPLEMENTO DE CRÉDITO:**

PARTIDA INCREMENTADA			DENOMINACIÓN	PROXECTO	IMPORTE	TIPO MC
031	93300	63200	Reparación cuberta taller parque móvil	2014-4-PMOBI-67	24.000,00	CE
050	93300	63200	Proxecto da obra do Arquivo nos locais de Emuvissa propiedade do Concello	2014-4-ARQUI-55	50.000,00	CE
050	16500	61900	Obras reposición e reforma do alumeadoo público Santa Isabel	2014-4-ISAB-65	9.000,00	CE
			Proxecto de obras de reforma e reposición de alumeadoo público	2014-4-ALUME-71	140.000,00	
050	44200	60900	Obras de instalación de marquesiñas	2014-4-MARQU-68	20.000,00	CE
050	16100	61900	Proxecto de obras de reposición de saneamento,	2014-4-SANEA-72	100.000,00	CE

			abastecemento e distribución de auga			
<b>060</b>	<b>13300</b>	<b>62300</b>	Instalacións semafóricas, bolardos e outros.	2014-4-BOLAR-69	<b>356.700,00</b>	<b>CE</b>
<b>TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO</b>				<b>699.700,00</b>	<b>CE</b>	
<b>030</b>	<b>01100</b>	<b>91300</b>	Amortización de débeda		<b>4.008.505,85</b>	<b>SC</b>
<b>050</b>	<b>15500</b>	<b>61900</b>	Proxecto de pavimentación vías públicas	2014-4-VIASP-70	<b>300.000,00</b>	<b>SC</b>
<b>050</b>	<b>45400</b>	<b>61900</b>	Proxecto de reparación/reposición camiños veciñais	2014-4-CVECI-73	<b>200.000,00</b>	<b>SC</b>
<b>050</b>	<b>17100</b>	<b>60900</b>	>Creación área xogos Meixonfrío: 59.895 € > Creación Área xogos en Verdía: 18.150 €	2014-4-PARQU-66	<b>78.135,00</b>	<b>SC</b>
<b>TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO</b>				<b>4.586.640,85</b>	<b>SC</b>	
<b>TOTAL</b>				<b>5.286.340,85</b>		

B) Financiamento: Remanente de tesourería para gastos xerais: 5.286.340,85 euros

CONCEPTO DE INGRESOS INCREMENTADO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	5.286.340,85 euros

A modificación proposta o expediente do Auditorio é:

A) Habilitación

PARTIDA INCREMENTADA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
<b>94200</b>	<b>46200</b>	TRANSFERENCIAS A ADMONES LOCALES TERRITORIALES. A CONCELLOS 693.062,98

B) Financiamento: Remanente de tesourería para gastos xerais: 693.062,98 euros

CONCEPTO DE INGRESOS INCREMENTADO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	693.062,98 euros

**Normativa aplicable.**

- A) RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei Reguladora de Facendas Locais, artigos 177, 213 á 222 e DA 16ª. (TRLFL)
- B) RD 500/1990, de 20 de Abril, Regulamento orzamentario, artigos 36 e 37
- C) Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaria 2/2012, artigo 32 (LOEP)
- D) Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local
- F) Instrucción de Modelo Normal de Contabilidade Local
- G) Bases de Execución 12 á 17 do Orzamento para 2014.

**INFORME.**

Remitidos os expedientes enriba mencionados, esta Intervención, ó abeiro do sinalado no artigo 177 TRLRFL, 37 RD 500/1990, 32 LOEP e DA 16ª TRLFL, emite o seguinte INFORME PRECEPTIVO:

**1. Réxime e verificación dos requisitos para poder utilizar o remanente líquido de tesourería para gastos xerais.**

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito, nos casos de inexistencia de crédito, en que se incoa o expediente de crédito extraordinario, o de insuficiencia, en que procede o suplemento de crédito (artigo 177 TRLRFL e 35.1 RD 500/1990).

Este tipo de modificación orzamentaria está regulada no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de Abril. O remanente de tesourería figura como recurso de financiamento de dita modificación de crédito.

Mailo anterior, o artigo 32 da LOEP limita a utilización do remanente líquido de tesouraría para gastos xerais, esixindo a súa aplicación a amortizar débeda, cando danse simultaneamente os seguintes requisitos:

1. Que a liquidación do anterior, 2013, presente un superávit ou capacidade de financiamento positivo, calculada conforme á sistema europeo de contas e consolidada para as entidades sectorizadas como Administración pública no Concello de Santiago.

Cúmprese este requisito para as entidades consolidadas do Concello, Auditorio e IMCOLSA, por un importe de **11.473.072,64 euros**.

2. Que o remanente líquido para gastos xerais, tamén en termos consolidados, referido á liquidación do ano 2013, sexa positivo.

O RLTGG consolidado ascende a **5.286.340,85 euros**.

3. Que exista débeda pendente de amortizar, en termos consolidados:

A débeda viva a 31 de decembro ascendía a 52.723.452,80 euros.

Consonte o artigo 32 da LOEP, debería destinarse a menor das dúas primeiras cantidades, é dicir, 5.286.340,85, a amortizar débeda, pois danse os tres requisitos mencionados.

Excepcionalmente para o ano 2014, a DA 6ª da LOEP permite destinar parte desta cantidade a **inversión financeiramente sustentables**, sempre que se cumpran os requisitos que neste intre se están a verificar:

1. Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de **endebedamento**. Este cálculo debe facerse có importe da débeda no momento actual.

Cumpre, sendo o límite do 110 por cento dos dereitos recoñecidos por operacións correntes, á débeda consolidada do Concello e as entidades dependentes a 30 de setembro de 2014 ascende a 47.183.633,34 euros, incluída a operación de 6.000.000 millóns concertada e ainda non ingresada, o que representa, **51,52 por cento dos dereitos liquidados** a 31 de decembro de 2013.

2. Que presenten no exercicio anterior simultaneamente **superávit** en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.

Dito importe é, como indicouse no apartado anterior, de **5.286.340,85 euros**.

3. As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, si fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obligacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.

Cúmprese, estando atendidas as obrigas que se indican, polo que o seu importe destinarse a amortizar débeda.

3. O importe que pode destinarse a inversións financeiramente sustentables é equivalente ao importe da **capacidade de financiamento** segundo el sistema europeo de contas, sobre a **previsión da liquidación de 2014** (letras a) e b) do apartado de DA 6<sup>a</sup> da LOEP. Feita a oportuna previsión, que está a incluirse na rendición de contas trimestral ao MINHAP, o importe previsto ascende a 5.835.746,85 euros, que sería o importe máximo que admitiría a modificación de crédito do orzamento de gastos,financiada co RLTGG, se incorrería en déficit en termos do sistema europeo de contas.

Cumpre, por canto neste expediente destínanse 1.277.835,00 euros a inversións financeiramente sustentables, por debaixo do límite.

4. O resto do saldo (5.286.340,85 - 1.277.835,00 euros) debe destinarse a amortizar débeda.

Cumpre, por canto modifícase o capítulo 9 do orzamento de gastos para atender a esta finalidade, polo importe restante: 4.008.505,85.

5. É necesario que o período medio de pago aos provedores (PMPP) da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

Cumpre, sendo o prazo legal do PMPP de 30 días, no cálculo do mes de setembro, consonte a última normativa do RD 635/2014, o PMPP consolidado é de 26,81 días.

5. Cos efectos para o orzamento do ano 2015, o importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres da disposición adicional 6<sup>a</sup> non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

Por outra banda, o expediente que se está a tramar do crédito extraordinario do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia é a correcta operación orzamentaria para cumprir a obriga imposta polo artigo 32 da LOEP de aplicar o RLTGG e o superávit consolidado a amortización da débeda e, excepcionalmente no ano 2014, a inversóns financeiramente sustentables.

Noutros termos, os cartos que o Auditorio ingresarán no Concello, e que reflictan un RLTGG positivo deste organismo, destinaranse a pagar a amortización anticipada da débeda e as inversóns sustentables do Concello, a cuxos efectos procede a aprobar a modificación orzamentaria que nos ocupa..

## **2. Fiscalización das inversións financeiramente sustentables.**

A DA 16<sup>a</sup> do TRLFL, incorporado pola DA 1<sup>a</sup> do RD Lei 2/2004, enumera os requisitos que deben cumplir as inversións para poder considerarse financeiramente sustentables. Incorpórase ao expediente o **informe das inversións sustentables**, onde se acredita que as inversións cumplen ditos requisitos. Examinado dito informe, acredítase que no mesmo indícase que ditas inversións reúnen os devanditos requisitos para considerarse sustentables, pois:

- As inversións encádranse nos grupos programas da DA 16<sup>a</sup>.
- O gasto de inversión non supera os 10 millóns de euros, polo que non é preceptiva a autorización da Subdirección General de Coordinación Autonómica y Local, del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.
- Non se inclúen investimentos que teñan unha vida útil inferior a cinco anos nin a adquisición de mobiliario, aveños e vehículos, salvo que se destinen á prestación do servizo público de transporte, inversións que exclúe a DA 16<sup>a</sup> TRLFL.
- Todo o gasto destínase ao capítulo 6 de inversións.
- Consta que a entidade encontrase ao corrente coas obrigas fiscais e de seguridade social, segundo certificados que se achegan a este informe.

Ademais, incorpórase ao expediente a **Memoria económica específica**, subscrita polo presidente da Corporación Local, ou a persoa da Corporación Local en quen delega, na que se contén a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil.

Esta intervención, por mandato da repetida DA 16<sup>a</sup>, apartado 7, do TRLFL, informa favorablemente acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteñen a memoria económica do investimento en relación cos criterios establecidos na DA 16<sup>a</sup>.

Por outra banda, infórmase das esixencias adicionais de información que comporta este expediente:

1. Anualmente, xunto coa liquidación do orzamento, darase conta ao pleno da Corporación Local do grao de cumprimento dos criterios previstos nos apartados anteriores e farase público no seu portal web.
2. O interventor da Corporación Local informará ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas dos investimentos executados en aplicación do previsto nesta disposición

Infórmase das seguintes obrigas en relación coa execución das inversións financeiramente sustentables, en aplicación do apartado 5 da DA 16<sup>a</sup> TRLFL:

*“A iniciación do correspondente expediente de gasto e o recoñecemento da totalidade das obrigacións económicas derivadas do investimento executado deberase realizar por parte da Corporación Local antes da finalización do exercicio de aplicación da disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.*

*No entanto, no caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integralmente en 2014, a parte restante do gasto comprometido en 2014 poderase recoñecer no exercicio 2015 financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2014 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a entidade local non poderá incorrer en déficit ao final do exercicio 2015”.*

### **3 Tramitación e aprobación do expediente.-**

Segundo os artigos 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora de Facendas Locais, e 38 do RD 500/1990, serán de aplicación ós expedientes de concesión de créditos extraordinarios as normas sobre aprobación, información, reclamacións e publicidade e recursos contencioso-administrativos aplicables ós Oozamentos, así como as normas establecidas nas Bases de Execución do Orzamento Municipal de 2014:

- I. Proposta do/a Concelleiro/a delegado/a que teña ó seu cargo a xestión dos créditos ou sexa responsable dos correspondentes programas.

II. Informe preceptivo do Interventor.

III. Ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, preceptivo a tenor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.

IV. Aprobación pola Xunta de Goberno Local.

V. Aprobación inicial polo Pleno Corporativo, bastando a maioría simple (artigo 47.1 da Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora de Bases de Réxime Local).

VI. Exposición ó público do acordo de aprobación inicial durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no taboero de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante dito plazo ante o Pleno.

VII. O expediente se considerará definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do da exposición ó público, e as reclamacións se considerarán denegadas en calquera caso si non se resolven no acordo de aprobación definitiva.

VIII. O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacóns sobre o acordo de aprobación inicial será insertado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, ademais de no taboero de anuncios.

IX. Da concesión de créditos extraordinarios se remitirá copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda. A remisión se fará simultaneamente ó envío ó Boletín Oficial da Provincia a que se refire o apartado anterior.

X. Contra a aprobación definitiva da concesión de créditos extraordinarios poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición.

A modificación entrará en vigor unha vez teña lugar a publicación a que fai referencia o punto VIII anterior.

En canto ao expediente de concesión de crédito extraordinario do Auditorio, o artigo 177.3 do TRLFL esixe que sexa o Concello quen o tramite, consonte o procedemento sinalado nos apartados anteriores.

### **Conclusóns.**

1. Infórmase favorablemente o expediente do Concello de crédito extraordinario/suplemento de crédito nº 2014-crext-02 para amortizar anticipadamente débeda e para investimentos financeiramente sustentables, financiadas con remanente líquido de tesourería para gastos xerais consolidado, por importe de 5.286.340,85 euros, en cumprimento do artigo 32 da LOEP e disp. adicional 16<sup>a</sup> do TRLFL 2/2004.
2. Infórmase favorablemente o expediente do organismo autónomo Auditorio de Galicia de crédito extraordinario nº 2014-crext -01 de modificación do capítulo 4 de gastos, financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do ano 2013, por importe de 693.062,98 euros, coa finalidade de que o concello finacie o seu expediente 2014-crext-02 e cumpra a obriga imposta polo artigo 32 da LOEP.

Deste xeito, dáse cumprimento a Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaria pola que se obriga amortizar débeda polo superávit, có límite do RLTGG, ademais de atender inversións sustentables.

O efecto económico desta amortización anticipada será un maior nivel de estabilidade e de autofinanciamento cos recursos propios, pois redúcese o importe que era necesario para financiar os intereses e o capital da débeda que agora amortízase anticipadamente.”

Achegados ao expediente figuran tamén os informes proposta de sustentabilidade emitidos pola Xefa do servizo de seguridade e mobilidade, polo Director da área de persoal e contratación e polo Xefe do servizo de planeamento.

Figura tamén achegada ao expediente unha memoria económica de data 27 de outubro asinada polo concelleiro delegado da área de facenda e pola directora da área de facenda e orzamentos.

O Sr. Alcalde outórgalle a palabra ao **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda.**

Valora positivamente a aprobación tanto dos remanentes e do superávit, como do plan de choque de actuación sustentable e urgente, por importe de 1,3 millóns de euros, e da amortización anticipada de débeda, por importe de 4 millóns de euros. Ao respecto, engade que se trata de actuacións para a cidade por un importe de 5,2 millóns de euros.

Di que estas actuacións pódense financiar neste momento con cargo a remanentes do ano 2013, e que a boa situación do comportamento do remanente cun resultado derivado da conta xeral 2013, de 5,2 millóns, permite agora acometer estas actuacións. Neste senso, asegura que o remanente de 2013, corresponde a 700 mil euros do Auditorio, e a 4,5 millóns de euros no Concello, que suman un total de 5,2 millóns.

Este expediente indica que se instrumenta mediante crédito extraordinario, en 700 mil euros, e como suplemento de crédito, en 4,5 millóns de euros. Manifesta que os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito regúlanse na Lei de Facendas Locais no artigo 177, o cal establece que ao realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito que sexa suficiente ou non ampliable consignado, o presidente da corporación ordeará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario no primeiro caso, e de suplemento de crédito no segundo.

Anuncia que o expediente debe ser previamente informado pola intervención, e sometido á aprobación do pleno da corporación, con suxección aos mesmos trámites e requisitos que os orzamentos. Así mesmo, clarexa, serán de aplicación as normas sobre información, reclamación e publicidade dos presupostos durante quince días.

Indica que se atopa regulado no artigo 169 no cal, en base á publicidade, establecécese un prazo de quince días de exposición ao público.

Novamente, insiste en que estas actuacións son posibles dentro do marco da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade, a cal establece, no seu artigo 32, que no suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe con superávit, destinarse, no caso do Estado, Comunidades Autónomas e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto.

Posteriormente, informa que dito artigo desenvolveuse polo apartado 15 do artigo primeiro da Lei de Control e débeda comercial no sector público, xa que logo, dalgunha maneira trataba por igual a todos os concellos, fosen cumplidores ou non, obligandoos única e exclusivamente a amortizar endebedamento.

Do mesmo xeito, sinala que principalmente o destino debería adicarse a conta de acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento. Cumplido o anterior, di que poderá destinarse ao financiamento de inversíons sostibles que ao longo da vida útil da inversión sexa financieramente sostible.

Polo tanto, sinala, supuxo unha modificación que resultaba posible destinar os cartos tanto a investimentos, como a amortización de débeda en base ao cumprimento dos requisitos, é dicir, cando cumpran, e non superen os límites que fixa a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento, e cando presenten no exercicio anterior simultáneamente superávit. Manifesta que principalmente o destino debería adicarse a conta de acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento e, cumprido o anterior, poderá destinarse ao financiamento de inversíons sostibles para que ao longo da vida útil da inversión sexa financieramente sostible.

Ademais, sinala que para aplicar o previsto no parágrafo anterior, debería cumplirse o período medio de pago a provedores da corporación local tal e como está acontecendo, nun prazo de quince días.

Polo tanto, di que se estableceu o elenco das posibles actuación sostibles nas que se podían realizar os investimentos. O primeiro requisito, recolle que o investimento se realice en todo caso por entidades locais que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de seguridade social. Afirma que establece todo o elenco das partidas funcionais orzamentarias, nas cales pódese levar a cabo o investimento, o saneamento, o abastecemento, o alumeadoo público, a enerxía, o comercio, a ordenación, a promoción turística, as vías públicas, os parques e xardíns, os camiños veciñais, etc. Á súa vez, indica que quedan excluidos os investimentos cuxa vida útil sexa inferior aos cinco anos, como as que se refiren á adquisición de mobiliario, enseres, e vehículos, salvo que se destinen á prestación do servizo público de transporte.

Profía que o gasto realizado deberá ser imputable ao capítulo VI do estado de gastos da corporación local. Ademais, a iniciación do correspondente expediente de gasto, e o recoñecemento da totalidade das obrigas económicas derivadas do investimento executado, débese realizar por parte da corporación local antes da finalización do exercicio de aplicación da Lei de Facendas Locais. O expediente, manifesta que tamén se incorporará á memoria económica específica.

En resumo, di que o concello cumpriu todos os requisitos principais: os límites de endebedamento, a ausencia de déficit, e o período de pago a provedores nun prazo de trinta días.

Engade que, grazas ao anterior, é posible non destinar todo ao superávit, á amortización de débeda, de xeito que se pode adicar tamén a investimentos sustentables.

En todo caso, de non cumplir algúns dos requisitos, manifesta que por lei toda contía de remanentes debería adicarse ao pagamento da débeda. Namentres, clarexa que ese non é o caso.

No referente ao plan de choque de actuacións sustentables e urxentes, por importe de 1,2 millóns de euros, indica que se trata do seguinte listado de obras:

Reparación cuberta taller parque móvil	<b>24.000,00</b>
Proxecto da obra do Arquivo nos locais de Emuvissa propiedade do Concello	<b>50.000,00</b>
Obras de ampliación das instalacións de alumeadío público no campo de fútbol de Santa Isabel	<b>9.000,00</b>
Proxectos de obras de reforma e reposición de alumeadío público	<b>140.000,00</b>
Obras de instalación de marquesiñas	<b>20.000,00</b>

Proxectos de obras de reposición de saneamento, abastecemento e distribución de augas	<b>100.000,00</b>
Instalacións semafóricas, bolardos e outros.	<b>356.700,00</b>
Proxectos de pavimentación vías públicas	<b>300.000,00</b>
Proxectos de reposición camiños veciñais	<b>200.000,00</b>
Creación área xogos Meixonfrío: Creación Área xogos en Verdía:	<b>78.135,00</b>
Total: 1.277.835 euros.	

En canto á amortización da débeda, indica que se rebaixou en agosto deste ano ata os 48,6 millóns de euros, alcanzando mínimos históricos. Na mesma senda, di que a carga por endebedamento por habitante rebaixouse ata os 170 euros, e que agora a débeda rebaixarase catro millóns máis.

Non obstante recalca que o goberno local continúa na senda de rebaixar a carga da débeda aos cidadáns, porque a débeda existente tamén supón mermar de xeito considerable tanto a capacidade de investimento como a prestación de servizos do Concello, xa que logo, tense que orzamentar preto de 10 millóns de euros entre amortizacións e pago de intereses.

Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos regulados e vistos todos os informes que obran no expediente, propón ao pleno aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito 2014/02, expoñer ao público o expediente durante 15 días, e elevalo automáticamente a definitivo, no caso de que non haxa alegacións.

A continuación, precisa que se tratarán de forma conxunta os dous expedientes, correspondentes aos puntos 2 e 3 da orde do día.

No referente ao segundo expediente de crédito extraordinario, propostas todas as transferencias, di que son necesarias para fazer fronte aos compromisos adquiridos e non se poden facer por simple transferencia, senón que deben instrumentarse mediante crédito extraordinario ou suplemento de crédito.

Logo de ver os informes propostas do director de área e do xefe de servizo de deportes de conformidade co establecido no artigo 12 das bases de execución do orzamento, propón ao pleno aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario 2014/03 para investimentos financiados con cargo a remanentes de tesourería, por importe de 700.000 euros, cuxa denominación é:

Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde POS 2013.	<b>21.000,00</b>
Dirección de obra A Muiña. Vivendas de realoxo	<b>12.422,05</b>
Dirección de obra SUNP-11 Castiñeiriño.	<b>6.636,85</b>
Proxecto Urbana Santiago Norte. Achega municipal.	<b>488.058,89</b>
Liquidación obra San Lázaro-Sergas.	<b>7.355,44</b>
Pago xustiprecio expropiación FINSA.	<b>150.391,13</b>
subministración desfibriladores	<b>13.345,52</b>

Total 699.209,88 euros.

Así mesmo, di que se vai expoñer ao público o expediente durante 15 días para, posteriormente, elevar automáticamente a definitivo o expediente no caso de que non existan alegacións.

De seguido, ten a palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG.**

Sinala que fará constar as dúas valoracións do seu grupo con respecto aos dous puntos da orde do día, nunha única intervención. A primeira, sobre a orixe e a motivación última deste expediente, e a segunda sobre as propostas concretas que nel se recollen.

Lembra que o Sr. Alcalde-Presidente anunciou en rolda de pensa fai uns días que esta actuación era posible grazas a unha boa situación do remanente de tesourería municipal, e ao cumprimento do resto de requisitos fixados pola lei orgánica de estabilidade orzamentaria. En base ao anterior, entende que o Sr. Quiroga Limia, concelleiro de facenda, está a reafirmar a boa situación do concello, derivándose así a posibilidade de amortizar anticipadamente débeda e de facer algún investimento.

Pola contra, dende o seu punto de vista, a realidade é outra. Considera que o Partido Popular durante estes tres anos atesorou cartos por dúas razóns fundamentalmente: pola súa incapacidade manifesta de execución do ornamentoado; e polos novos endebedamentos que agora amortizan, non porque lles apeteza ou porque teñan a posibilidade de facelo, senón porque a Lei de Estabilidade Orzamentaria lles obriga.

En definitiva, di que se pon de manifesto, tal e como ven denunciando o Bloque Nacionalista Galego, o absurdo da xestión orzamentaria do PP.

Afirma que, nun principio, endebedáronse a longo prazo por doce millóns de euros para gasto corrente, situándose moi por riba das necesidades reais que existían naquel momento, e cuns xuros peores aos do mercado como así se ten demostrado. A día de hoxe, continúa, prevén a posibilidade dun novo endebedamento por outros seis millóns de euros máis.

Esta situación considera que pode derivar dos aforros en forma de remanentes positivos de tesourería, obtidos a base de recortes aos traballadores deste concello, entre outros, e a non execución orzamentaria, pois a liquidación do ano 2013 apuntaba un grao de execución do capítulo de investimentos de pouco máis do 20%.

Tamén afirma que lles queda un remanente positivo de tesourería que, na súa maioría, deben empregar para amortizar a débeda do punto primeiro. É dicir, piden préstamos pero aumentan a débeda e os gastos derivados, non gastan o que lles prestan, e co que non gastan pagan a débeda. Califica esta situación como un auténtico sen sentido e acusa ao goberno de endebedarse de más sen saber moi ben para que.

Daquela, lembra, o Bloque Nacionalista Galego anunciou que dita operación simplemente serviría para acumular remanentes positivos de tesourería de xeito ficticio, pois incrementaban os cartos do Concello para gastos que se xa estaban financiados.

Considera que tanto nese proceso como na actualidade, tentan confundir á opinión pública mesturando débeda comercial no curto prazo, con endebedamento a longo prazo para, supostamente, salvar ao concello da súa quebra económica. De ser así, recoñece que podería ter sentido unha operación de crédito, pero nunca por unha cuestión sensiblemente menor nos termos que se fixo, a curto prazo co remanente de tesourería negativo.

Dende o seu punto de vista, todo isto non é casual, ten dúas motivacións: a incompetencia do goberno, e a instrumentalización partidaria da política orzamentaria. No tocante á primeira acusación, alega que os cartos de remanentes débense a que son uns malos xestores, e non son capaces nin de chegar a un 30% de execución dos investimentos, nun intre de tantas dificultades como o actual, onde o papel das administracións públicas na dinamización da economía debería ser básico.

Por outra banda cuestionase a orixe deses 5,2 millóns de euros coa cantidade de actuacións non desenvolvidas no Concello e no Auditorio. Non deixa de ser curioso, afirma, que 639.000 euros proveñan de actuacións non executadas no auditorio, tendo en conta, tanto o baixón na cantidade e calidade da programación cultural impulsada por ese organismo, como a anémica situación da industria cultural de Compostela e de Galicia. Ao mesmo tempo pensa que non todo se debe á incompetencia, tamén existen outro tipo de motivacións. Por exemplo, a vontade non disimulada do Partido Popular de chegar coa máxima liquidez e disponibilidade orzamentaria posible aos meses anteriores ás eleccións municipais, aínda que iso signifique hipotecar a medio prazo o concello nunhas condicións moi desfavorables. En suma, di que prevalecen os intereses do partido sobre os da cidadanía.

Con respecto a que van adicar estes remanentes de 5,2 millóns de euros, engade que hai que diferenzar os algo más de catro millóns adicados á amortización de débeda, e os aproximadamente, 1,2 millóns dirixidos a investimentos.

En base á amortización da débeda, gustaría que o Sr. Quiroga Limia, especificara exactamente cal dos créditos subscritos polo Concello é o que se vai a aminorar e por qué.

No tocante aos investimentos propostos, anuncia que non vai entrar no seu detalle, pero asegura que poderían facer propostas diferentes ás plantexadas. Con isto, non quere dicir, clarexa, que os investimentos propostos polo grupo de goberno non sexan precisos, e, nalgúns casos, urxentes.

Concretamente, apunta que boa parte dese investimento está recollido en partidas xenéricas de mantemento de servizos básicos, alumeados, reposición de saneamento e abastecemento, reparación de vías públicas, reparación de camiños veciñais, instalacións semafóricas, bolardos e outros. Sostén que só nestas cinco partidas suman máis dun millón de euros, é dicir, adicán máis do 90% do investimento previsto a tarefas de reparación, que non deixa de ser lóxico e urxente ao ter en conta a nula política de mantemento de infraestruturas e equipamentos que o Partido Popular fixo nestes últimos anos.

Considera que tentar arranxar algo despois de agardar que avance o seu deterioro, sempre será máis caro, máis ineficiente, e provocará maiores prexuízos á veciñanza, que ter unha boa política de mantemento durante todo o ano con carácter estable e cunhas prioridades claras de actuación. Lamenta que iso non se fixera especialmente en aspectos reiteradamente denunciados polo BNG estes anos, como o sinfín de fochancas nas rúas e beirarrúas de Santiago, o péssimo estado do enlousado da cidade histórica, a situación lamentable en que se mantiveron durante estes anos os colexios públicos, e os evidentes retrasos ou deficiencias nos desbroces.

Polo tanto, pensa que o goberno falseou a realidade, pois nega o estado de banca rota do concello no momento da chegada do PP a pesar de que así o transmitiron á veciñanza. Tamén é falso, engade, que tan só uns meses despois, o concello nadase na abundancia. Di que non se pode pasar dun estado de endebedamento a longo prazo e pouco tempo máis tarde, tras unha serie de duros recortes, estar en disposición de amortizar anticipadamente débeda. Deste xeito, parécelle que nin antes se estaba tan mal, nin agora se está tan ben.

Posteriormente, intervén o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**.

Procede, en primeiro lugar, a facer dúas puntualizacións con respecto ao tema da urxencia, a pesar de que pasou o punto. Clarexa que o pleno convocouse ás 9.45 horas de hoxe, e que as respuestas non foron documentadas, senón de carácter verbal. Así mesmo, sinala que non contan coa documentación que sustenta as respuestas aportadas.

Por outra banda, sorpréndelle o tema da urxencia, pois en rolda de prensa, tal e como consta na nota de prensa colgada na páxina web do concello, o Sr. Alcalde-Presidente emitiu a seguinte declaración: “por isto e dada a boa situación de tesourería municipal acometerase un pago anticipado da débeda do ano 2015, por importe de 4 millóns de euros”. Así, deixando á marxe que con toda seguridade non quería dicir o tema de 2015, porque o que se pode deslizar para o ano que ven son os investimentos pero non a amortización, di que de ser verdade a amortización da débeda de 2015, non habería tanta urxencia para o pleno de hoxe, este xoves.

Ademáis, engade que o Sr. Alcalde-Presidente mantén que o financiamento destas actuacións, referido tanto ao investimento como á amortización da débeda por catro millóns de euros, é posible grazas á boa situación do remanente da tesourería municipal, cunha autosatisfacción importante con respecto á boa xestión económica deste goberno. Ao respecto, sostén que o Sr. Alcalde-Presidente sabe que iso non é así e, de non sabelo, resulta aínda máis preocupante.

Di que o resultado do remanente de tesourería débese fundamentalmente a dúas cuestións. Primeiramente, a un crédito a longo prazo de case trece millóns de euros contratado no 2012, cuxo tipo de xuro é o más alto dos últimos quince anos. Ademáis, afirma que tampouco estaba para cubrir ningún déficit de tesourería, pois este é, aproximadamente, do 10% do crédito solicitado polo goberno. Deste xeito, indica que se cumpliu un dos obxectivos do PP, é dicir, servir aos intereses da banca e aos das entidades financeiras, e non aos intereses dos veciños e veciñas desta cidade.

A segunda orixe dese remanente de tesourería débese, apunta, á absoluta incapacidade de xestión e de execución dos investimentos, particularmente nun momento tan difícil para a cidade como é o da actual crise económica. Sostén que o PP executou no 2012, o 19,5% da partida de investimentos do capítulo VI, e no 2013, o 20%. Ademáis, sinala que a información transmitida polo goberno ao Ministerio de Facenda para o 2014, é que a súa previsión vaise executar en investimentos ao 30%. Nese sentido, lembra as manifestacións do grupo municipal socialista nas que se dubidaba das expectativas de mellora de execución do capítulo VI, tendo en conta que quen hoxe é alcalde, no seu momento conselleiro de infraestruturas, non pasaba a execución do 30%. Polo tanto, insiste en que a orixe dos remanentes de tesourería municipal non se debe a unha boa xestión nin se trata dun aforro. Tampouco considera que o PP realizara, ao longo destes tres anos, investimentos que xeraran ingresos para esta cidade.

Reitera que, con ese plantexamento de amortizar os catro millóns de euros, hai que reducir unha débeda, e acusa ao grupo municipal popular de endebedarse, durante este mandato, unha cuarta parte máis que os gobernos progresistas en dez anos.

Profía que o PP tomou a decisión de amortizar catro millóns de euros en débeda, e adicar 1,2 millóns de euros a investimentos. Ao respecto, afirma que é posible facelo excepcionalmente o ano pasado e este ano, por mor da presión da Federación Española de Municipios, pois o que fixo foi solicitar esta posibilidade. Resúltalle curioso non contar con ningún informe, en toda a documentación recibida, no que se establezan os remanentes de tesourería en catro millóns para amortización, e en 1,2 millóns para investimento.

Tamén lle sorprende o feito de que fai oito meses se aprobara únicamente cos votos do Partido Popular, a posibilidade de endebedar este concello en seis millóns de euros más a finais deste ano. Namentres, manifesta que a día de hoxe, estase a falar de que o que teñen que fazer é amortizar catro millóns anticipadamente, polo que non lle parece nada coherente o plantexamento.

Por outra banda, asómbrase da decisión que acadaron da amortización dos catro millóns e non dos 5,2 millóns de euros porque noutros concellos, por exemplo no Concello de Albacete gobernado polo Partido Popular, no pleno de marzo de 2014, o interventor do concello dixo que non se podería invertir financeiramente porque o remanente de tesourería é inferior ao crédito solicitado polo préstamo ICO. Apunta que iso sucede exactamente así neste concello. Consecuentemente, dado que o remanente de tesourería está fundamentado principalmente polo noso crédito ICO, gustaría obter unha aclaración ao respecto. Cuestiónase como pode ser posible que noutros concellos, como o de Albacete, fagan este tipo de avaliación ou análise.

Considera que no PP están a facer un axuste contable a maiores dos que levan feito dende 2012, partindo de que o remanente está manifestamente inflado e hai que diminuílo. Reclama que no informe consten cales son os créditos que se están a amortizar preferente ou anticipadamente, e non a débeda en conxunto.

Engade que iso refírese a que non existe, na documentación, unha memoria que exprese exactamente cal é o aforro que haberá nas contas do concello por mor desta anticipación na amortización, do cal tamén quere ter coñecemento, pois o que se está a pedir é un voto favorable e para poder avaliar o sentido do mesmo, fai falta todo isto.

Tendo en conta que o goberno afirma que se precisan 1,2 millóns de euros para facer os investimentos de carácter urxente, sorpréndelle que a adaptación dun edificio de EMUVISSA para o Rexistro Xeral non estivese previsto, dado que xa hai tempo que EMUVISSA se incorporou ao concello. Tampouco entende que non tivesen previsto temas como o alumeadoo público do que se fala de catrocentos mil euros xa contemplados no contrato. Pide que se explique se o están a duplicar, porque falta tamén esa información. Di que é certo que se o PP quería facer outros investimentos, dado que asumen que non van executar o 70%, deberían axustar esa execución, é dicir, executar máis e non facer unha ampliación de crédito, senón transferencias de crédito do que tiñan para non executar.

Por outra banda, insiste en que nos expedientes presentados para xustificar a elección das obras nas que van investir, non aparecen nin o estudio económico nin o aforro que poida acontecer. Sinala que a lei marca a necesidade de sustentabilidade económica deses investimentos, e o único que coñecen son uns informes, fundamentalmente dos directivos, porque non se observa ningún informe técnico. Ademáis, os informes dos directivos non están cuantificados, polo que non é posible coñecelo con exactitude, agás dunhas consideracións moi xenéricas do tipo dos próximos cinco anos. Engade que non se prevé un incremento do mantemento en xerla, ou ben, a partires do resto da vida, ou para o resto da vida do investimento, pois plantéxase que vai ser entre un 0 e un 1% de incremento, pero non está exactamente cuantificado.

Polo tanto, anuncia que o seu plantexamento con respecto á proposta de aplicación do remanente de tesourería, a non ser que todas as cuestións expostas sexan claramente respostadas, será negativo.

Posteriormente, toma a palabra o **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda.**

Empezando polo final, afirma que na memoria están perfectamente cuantificados a finalidade específica, o importe, a vida útil, os anos, o custo anual da amortización, o proxecto, os efectos orzamentarios, e o custo do ano. Polo tanto, considera que se atopa resolto no expediente, e pon de manifesto a súa disposición para amosalo.

En base a todas as cuestións plantexadas, respeta os distintos discursos e mesmo entende que se poden poñer peros a todo agás a actuacións que se fan na cidade, por importe de 1,3 millóns de euros. Tampouco pensa que os veciños o comprendan, xa que se trata de pagar a débeda e de investir, por exemplo, en alumeadoo público, ou en reposicións de vías públicas

Por outra banda, pensa que hai certa confusión, pois deuse a entender que se está a concertar unha operación de endebedamento. Clarexa que se trata de pagar a débeda, motivo polo cal, por primeira vez na historia do Concello de Santiago, celébrase un pleno.

En canto aos créditos destinados a pagar o endebedamento, afirma que a débeda que había no ano 2011 de 64 millóns de euros, vaise pagar. A reflexada no informe dos técnicos municipais a día de hoxe di que é de 48 millóns de euros, e baixará a 44 millóns de euros. Polo tanto, anuncia que a reducción da débeda por habitante superará os 170 euros neste mandato.

No relativo ao préstamo concertado por este goberno de 12 millóns de euros, alega que non foi voluntario, senón por imperativo legal debido aos 18 millóns de euros pendentes de pago que había cando se tomou posesión. Polo tanto, houbo que pagar a débeda comercial existente.

En base á pregunta de por que se fai un amortizamento anticipado, resposta que o orzamento debe reflexar dez millóns de euros en pago de amortizáns e intereses. Evidentemente, ao pagar unha parte da débeda agora, poderanse destinar esos cartos a actuacións como as de tipo ou carácter social.

Para clarexar outra das dúbidas, di que o investimento non se fai no Auditorio porque a lei non permite facelo en gasto corrente, ten que realizarse nas partidas funcionais establecidas na normativa. Así, comunica que non se pode facer en programación, porque programación é gasto corrente.

No referente ao acontecido en Albacete, descoñece tanto o caso como o expediente.

No tocante á falta de execución, expresa que evidentemente a execución realízase ano a ano, é dicir, se non se fai nun ano incorpórase ao seguinte, pero os cartos non se perden. Así mesmo, lembra que no 2007, o nivel de execución foi do 30%, no 2008 o 24%, no 2009 o 44%, e no 2010 apuraron ao 49%. Tendo esto en conta, nega que o nivel de execución no orzamento sempre fose históricamente o que foi, de feito indica que hai incorporacións de remanentes doutros anos.

En consecuencia, considera resoltas todas as dúbidas e á vez que insiste en que entende os posibles inconvintes, afirma que unha actuación de investimento na cidade de 1,3 millóns de euros de aquí a finais de ano, e pagar a débeda por anticipado, son motivos suficientes para poder votar a favor.

Posteriormente, outórgaselle a palabra ao **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG.**

Retruca ao Sr. Quiroga Limia que nun contexto económico e social tan difícil como o que se está a vivir, non ten ningún sentido seguir políticas neoliberais e austericidas que propoñen, entre outras cousas, adicar o 100% á minoración de débeda. Pensa que en casos como estes, as administracións públicas teñen que estar para botar un man cando máis se lles precisa e clarexa que o Bloque Nacionalista Galego, sempre avogará porque se poida aplicar a maior porcentaxe a investimento realmente produtivo que xenere valor, riqueza e postos de traballo. No caso de que as administracións non sexan quenes de logralo, considerará que non son útiles nun contexto como o actual. Polo tanto, parécelle positivo que unha parte dese remanente se adique a investimentos, outra cousa son, tal e como manifestou con anterioridade, os investimentos concretos, os cales non prexulgan, a pesar de que algúns deles evidente e desgraciadamente sí son urxentes.

En segundo lugar, no referente á subscrpción dese crédito de doce millóns por imperativo legal, di que ninguén obligou a fixar a cuantía nesa cantidade. Considera que o que se demostrou co tempo é que non facían falta. Polo tanto, di que non era necesario un crédito de tantos cartos e resultou unha péssima operación porque os tipos de xuro, incluso os conseguiría o Concello na oferta da banca privada. Sostén que a pesar destes alardes de remanentes no momento actual, dita operación implicou recortes durísimos e drásticos en cousas tan sensibles como as condicións laborais dos traballadores deste concello.

Dado que o Sr. Quiroga Limia afirmou que o grupo municipal nacionalista confundiese cando falou do tema do Auditorio, porque non se poden incluir en gastos, clarexa que non plantexaron iso, que non dixeron que os 639 mil euros que se incorporan de remanente do Auditorio houbera que acicalos a investimentos no que sería o funcionamento ordinario na programación do auditorio, xa que é consciente de que non se pode facer. Pregúntase como puideron quedar sen executar unha parte tan importante do orzamento con todas as necesidades que hai nese ámbito hoxe na cidade, e no conxunto do país.

Por último, remata cunha reflexión, ademáis da realidade contable existe outra que se vive e que non colle nun papel. Engade que unha cousa é que o goberno anuncie os estados contables e, sobre todo, o que interpretan deses estados contables e outra cousa moi distinta, é a realidade que viven todos os días moitos veciños e veciñas de Santiago. Pensa que ao mellor para o Sr. Quiroga Limia abondan con que as contas formalmente no papel estean correctas, pero insiste que unha parte importante da

veciñanza está preocupada porque teñen unha cidade cada día más gris culturalmente, más deteriorada no seu estado de conservación física, e sobre de todo, con más pobreza e con más desigualdade. En consonancia co anterior, reitera que o grupo municipal do BNG non votará favorablemente á proposta.

De seguido, ten a palabra o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**.

Pide que non se faga demagogia e se proxecte a idea de que que nesta cidade, dada a bondade do PP, vanse investir agora 1,2 millóns de euros. Di que tendo en conta que non teñen un gran límite para desenvolver o seu traballo, os plenos dos xoves pasan a ser o venres, e xa non hai linde para non poder executar o 30% de investimentos. En consecuencia, pide entrar en profundidade na cuestión.

Co fin de explicar por que o goberno non inviste os 5,2 millóns e nembargantes si que adica 4 millóns á amortización, cando fai oito meses dicían que necesitaban seis millóns de endebedamento, argumenta que se debe a que son absolutamente incapaces de executar os 5,2 millóns, por mor do pouco tempo que lles queda.

No referente á memoria económica aludida anteriormente, di que está asinada polo Director de Persoal, que non é nin técnico nin economista, e fala de recuperación cuberta, de taller e de parque móvil. Ademáis, engade que se trata dun informe de gastos, e que este tipo de investimentos circunscribense no marco de mantemento urxente dun edificio municipal, concretamente a súa cuberta. Polo tanto, suxire que non se trata de reducir gastos, senón de aumentar o valor económico dun edificio municipal e, ao mesmo tempo, reducir o risco que supón na actualidade o seu estado, tanto para os traballadores que prestan o seu servizo no edificio, como para os vehículos municipais que se poden encontrar nun determinado momento nel. Resúltalle absolutamente abraiante a cantidade de datos, de cifras, e a cuantificación dos gastos e do aforro que se establecen neste informe da dirección de persoal. Tamén sinala que é difícil seguir o número das cifras.

Por outra banda, en canto ao tema do arranxo das vías, concretamente da pavimentación das vías públicas, anuncia que os gastos de mantemento vanse eliminar os primeiros cinco anos, e reducirase o resto da vía útil do investimento entre o 1 e o 2%. Dadas as declaracíons do Sr. Quiroga Limia, cuestiona se viviu nesta cidade nos últimos tres anos, pois alguén chegou a chamala fochancas city.

Ademais, pide que non comparen un 19% de execución de investimentos cun 44% ou cun 49%. Insiste en que falta traballo e pide que se chegue ao 49% neste ano, xa que o día para a celebración dos plenos será o venres.

Por outra banda, insiste en que a auténtica realidade de por que o PP pediu un crédito, cuxa cuantía de trece millóns de euros era innecesaria para o concello e para a cidade tal e como afirmou o Sr. Cela Díaz, responde ás necesidades da banca, que precisaba un negocio dos case trece millóns de euros cun tipo de xuro moi alto. Ao respecto engade que os que a pagan son os veciños e os empregados públicos do concello, cuxas condicións laborais deterioráronse.

En resumo, sinala que as preguntas formuladas non obtiveron respuestas, quedando de manifesto unha realidade adiantada polo grupo socialista fai tres anos, é dicir, a situación que herdou o PP non foi de quebra senón de solvencia económica. Ademais, apunta que ante unha situación de falta de xestión por parte do goberno, o voto do PSdeG-PSOE será negativo no tocante á proposta de adicación de remanentes de tesourería.

Co fin de clarexar un par de puntos, ten a palabra o **Sr. Quiroga Limia, concelleiro do grupo municipal do PP e delegado de Área de Facenda**.

Di que o crédito que pide o goberno é por imperativo legal, tal e como establece a Lei de Facendas Locais, non para financiar aos bancos senón para pagar aos provedores que estaban sen cobrar. Manifesta que se trataba dun total de 18 millóns de euros e, para pagalos, houbo que facer a petición de crédito por imperativo legal.

Aínda así, concertando esa operación de endebedamento, sostén que o en 2011 ascendía a 64 millóns de euros. En consecuencia di que o goberno tivo que endebedarse en doce millóns para pagar aos provedores, sendo unha débeda comercial de 18 millóns. Aínda así, manifesta, cunha nova operación de crédito, a débeda sitúase en 48 millóns e vai descender ata 42. Polo tanto, pensa que a reducción é más que significativa, e insiste que o obxecto do pleno non é concertar unha nova operación, senón pagar unha operación de endebedamento.

Por último, di que comparte, do mesmo xeito que o Sr. Cela Díaz, a realidade da cidade. Por iso mesmo, pide o voto favorable. Entende que é un plan bo para cidade, que vai facer investimentos, mantementos, reposicións, e que vai amortizar a débeda. Insiste en que se poden discutir tanto informes como tramitacións, pero considera que poñer peros a todo constantemente, non é o motivo polo que se vén ao pleno. Xa que considera que é unha actuación boa para a cidade, propón a súa aprobación.

Rematado o debate, o **Sr. alcalde-presidente** somete o punto da orde do día a **votación ordinaria**, co seguinte resultado:

<b>Votos a favor: 13 PP</b>
<b>Votos en contra: 7 (4 PSdeG-PSOE, 3 BNG)</b>
<b>Abstencións: 0</b>

Polo que o Pleno da Corporación, de conformidade co Ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas correspondente a súa reunión do 6 de novembro de 2014, e consonte cos informes referidos con anterioridade o pleno da corporación, acorda por maioría absoluta do número legal do seus membros:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o expediente de Crédito extraordinario nº 2014-CREXT-01 DO AUDITORIO para transferir ao concello o Remanente líquido de tesourería para gastos xerais do ano 2013, por importe de 693.062,98 euros, coa finalidade de que o Concello financie o seu expediente 2014-CREXT-02, destinado a amortizar anticipadamente débeda e para investimentos financeiramente sustentables, financiadas con Remanente líquido de tesourería para gastos xerais consolidado, por importe de 5.286.340,85 euros, en cumprimento do artigo 32 da LOEP e D.A. 16ª do TRLFL 2/2004.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación

PARTIDA INCREMENTADA			DENOMINACIÓN	IMPORTE
	94200	46200		
			TRANSFERENCIAS A ADMONES LOCALES TERRITORIALES. A CONCELLOS	693.062,98

B) Financiamento: Remanente de tesourería para gastos xerais: 693.062,98 euros

CONCEPTO DE INGRESOS INCREMENTADO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	693.062,98 euros

C) Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	693.062,98 euros
2.- Total suplemento de crédito.....	
3.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	0 euros
b) Baixas por anulación.....	0 euros
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	693.062,98 euros
4.- Financiamento igual a habilitación	693.062,98 euros

**SEGUNDO:** Aprobar inicialmente o expediente de Crédito extraordinario/Suplemento de crédito nº 2014-CREXT-02, para amortizar anticipadamente débeda e para investimentos financeiramente sustentables, financiados con Remanente líquido de tesourería para gastos xerais consolidado, por importe de 5.286.340,85 euros, en cumprimento do artigo 32 da LOEP e DISP. ADICIONAL 16ª DO TRLRHL 2/2004.

Este expediente terá o seguinte detalle:

D) Habilitación CRÉDITO EXTRAORDINARIO/SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

PARTIDA INCREMENTADA			DENOMINACIÓN	PROXECTOS	IMPORTE	TIPO MC
031	93300	63200	Reparación cuberta taller parque móvil	2014-4-PMOBI-67	24.000,00	CE
050	93300	63200	Proxecto da obra do Arquivo nos locais de Emuvissa propiedade do Concello	2014-4-ARQUI-55	50.000,00	CE
050	16500	60900	Obras de ampliación das instalacións de alumeadío público no campo de fútbol de Santa Isabel	2014-4-ISAB-65	9.000,00	CE
050	16500	61900	Proxectos de obras de reforma e reposición de alumeadío público	2014-4-ALUME-71	140.000,00	CE
050	44200	60900	Obras de instalación de marquesñas	2014-4-MARQU-68	20.000,00	CE

<b>050</b>	<b>16100</b>	<b>61900</b>	Proxectos de obras de reposición de saneamento, abastecemento e distribución de augas	2014-4-SANEA-72	<b>100.000,00</b>	<b>CE</b>
<b>060</b>	<b>13300</b>	<b>62300</b>	Instalacións semafóricas, bolardos e outros.	2014-4-BOLAR-69	<b>356.700,00</b>	<b>CE</b>
<b>TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO</b>					<b>699.700,00</b>	<b>CE</b>
<b>030</b>	<b>01100</b>	<b>91300</b>	Amortización de débeda		<b>4.008.505,85</b>	<b>SC</b>
<b>050</b>	<b>15500</b>	<b>61900</b>	Proxectos de pavimentación vías públicas	2014-4-VIASP-70	<b>300.000,00</b>	<b>SC</b>
<b>050</b>	<b>45400</b>	<b>61900</b>	Proxectos de reposición camiños veciñais	2014-4-CVECI-73	<b>200.000,00</b>	<b>SC</b>
<b>050</b>	<b>17100</b>	<b>60900</b>	Creación área xogos Meixonfrío: 59.895 € Creación Área xogos en Verdía: 18.150 €	2014-4-PARQU-66	<b>78.135,00</b>	<b>SC</b>
<b>TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO</b>					<b>4.586.640,85</b>	<b>SC</b>
<b>TOTAL</b>					<b>5.286.340,85</b>	

E) Financiamento: Remanente de tesourería para gastos xerais: **5.286.340,85 euros**

CONCEPTO DE INGRESOS INCREMENTADO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	5.286.340,85 euros

F) Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	699.700,00 euros
2.- Total suplemento de crédito.....	4.586.640,85 euros
3.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	0 euros
b) Baixas por anulación.....	0 euros
c) Remanente de tesourería afectado a gastos	5.286.340,85 euros

xerais	
4.- Financiamento igual a habilitación CE/SC.....	5.286.340,85 euros

**TERCEIRO:** Expoñer ao público os expedientes durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**CUARTO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algúnhia, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

### **3. APROBACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO / SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2014-CREXT-03 PARA INVESTIMENTOS FINANCIADOS CON CARGO A REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO.**

A proposta do concelleiro delegado da área de facenda é do seguinte teor:

“Logo de ver os seguintes Informes- propostas e propostas:

\* Informe-Proposta de aprobación de **CRÉDITO EXTRAORDINARIO/SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2014-CREXT-03** financiado con remanente de tesourería afectado e baixas por anulación, asinada polo Director de ÁREA de DUS, e Proposta da Concelleira delegada de desenvolvemento urbano sostible, co Informe favorable da Oficina Orzamentaria, de data 31 de outubro de 2014.

\* Informe-Proposta de acordo de **CRÉDITO EXTRAORDINARIO/SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2014-CREXT-03** financiado con remanente de tesourería afectado e baixas por anulación, asinada polo xefe de servizo de Deportes, e Proposta da Concelleira delegada de Servizos Sociais, co Informe favorable da Oficina Orzamentaria, de data 31 de outubro de 2014.

Logo de ver que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

De conformidade co establecido no artigo 12.1 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2014, esta Concellería, de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demás disposicións vixentes na materia,

**PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO para o seu posterior traslado ó Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

**PRIMEIRO:** aprobar inicialmente o expediente de Crédito extraordinario/Suplemento de crédito nº 2014-CREXT-03, para investimentos financiados con cargo a remanente de tesourería afectado e baixas por anulación doutras aplicación orzamentarias de gasto, por importe total de **699.209,88 euros**.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación CRÉDITO EXTRAORDINARIO/SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

PARTIDA INCREMENTADA			DENOMINACIÓN	PROXECTOS	IMPORTE	TIPO MC
050	45400	61900	Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde POS 2013.	2013-2-PPROV-35	21.000,00	SC
050	15100	60902	Dirección de obra A Muiña. Vivendas de realxo	2013-4- MUIÑA-13	12.422,05	SC
050	15100	60902	Dirección de obra SUNP-11 Castiñeiriño.	2013-2-SUN11-13	6.636,85	SC
050	15100	60901	Proxecto Urbana Santiago Norte. Achega municipal.	2009-3-URBAN-1	488.058,89	SC
022	34200	62200	Liquidación obra San Lázaro-Sergas.	2007-2-LAZAR-7	7.355,44	SC
050	15100	60000	Pago xustiprecio expropiación FINSA.	2014-2-FINSA-14	150.391,13	SC
<b>TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO</b>					<b>685.864,36</b>	<b>SC</b>
20	34200	62300	SUMINISTRACIÓN DESFIBRILADORES	2014-2-DESFI-74	13.345,52	CE
<b>TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO</b>					<b>13.345,52</b>	<b>CE</b>
<b>TOTAL</b>					<b>699.209,88</b>	

B) Financiamento: 699.209,88 euros

Remanente de tesourería afectado **507.156,83 euros**

Baixas por anulación doutras aplicacións orzamentarias: **192.053,05 euros**

CONCEPTO DE INGRESOS INCREMENTADO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.10	Remanente de tesourería afectado	<b>507.156,83 euros</b>
BAIXAS POR ANULACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
050 15100 61900 PROXECTO 2014-2-HUMUR-21	Urbanismo. Outras inversións	180.193,65 euros
050 15100 21000	Urbanismo. Reparación, mantenimento e conservación de infraestruturas	11.859,40 euros
<b>TOTAL</b>		<b>192.053,05 euros</b>

C) Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	13.345,52 euros
2.- Total suplemento de crédito.....	685.864,36 euros
3.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	0 euros
b) Baixas por anulación.....	192.053,05 euros
c) Remanente de tesourería afectado	507.156,83 euros
4.- Financiamento igual a habilitación CE/SC.....	699.209,88 euros

**SEGUNDO:** expoñer ó público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algúnhia, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

O informe que emitiu o Sr. Interventor Xeral en relación co asunto do epígrafe é do teor literal seguinte:

“Obxecto: EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO/SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2014-CREXT-03, PARA INVESTIMENTOS FINANCIADOS CON CARGO A REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO E BAIXAS POR ANULACIÓN DOUTRAS APLICACIÓN ORZAMENTARIAS DE GASTO.

### **ANTECEDENTES.**

Achéganse o expediente mencionado cos seguintes documentos:

1. Informe- Proposta de aprobación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO/SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2014-CREXT-03 financiado con remanente de tesourería afectado e baixas por anulación, asinada polo Director de Área de DUS, e Proposta da Concelleira delegada de desenvolvemento urbano sostible, co Informe favorable da Oficina Orzamentaria, de data 31 de outubro de 2014.
2. Informe- Proposta de acordo de CRÉDITO EXTRAORDINARIO/SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2014-CREXT-03 financiado con remanente de tesourería afectado e baixas por anulación, asinada polo xefe de servizo de Deportes, e Proposta da Concelleira delegada de Servizos Sociais, co Informe favorable da Oficina Orzamentaria, de data 31 de outubro de 2014.
3. Certificado da Intervención acreditativa da inexistencia de crédito orzamentario adecuado segundo a súa natureza para a realización do gasto.
4. Proposta do Concelleiro delegado de Facenda de aprobación do expediente de Crédito extraordinario/Suplemento de crédito nº 2014-CREXT-03, para investimentos financiados con cargo a remanente de tesourería afectado e baixas por anulación doutras aplicación orzamentarias de gasto.

A proposta consiste no seguinte:

#### **A) Habilitación CRÉDITO EXTRAORDINARIO/SUPLEMENTO DE CRÉDITO:**

PARTIDA INCREMENTADA	DENOMINACIÓN	PROXECTOS	IMPORTE	TIPO MC

<b>050</b>	<b>45400</b>	<b>61900</b>	Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde POS 2013.	2013-2-PPROV-35	<b>21.000,00</b>	<b>SC</b>
<b>050</b>	<b>15100</b>	<b>60902</b>	Dirección de obra A Muiña. Vivendas de realoxo	2013-4- MUIÑA-13	<b>12.422,05</b>	<b>SC</b>
<b>050</b>	<b>15100</b>	<b>60902</b>	Dirección de obra SUNP-11 Castiñeiriño.	2013-2-SUN11-13	<b>6.636,85</b>	<b>SC</b>
<b>050</b>	<b>15100</b>	<b>60901</b>	Proxecto Urbana Santiago Norte. Achega municipal.	2009-3-URBAN-1	<b>488.058,89</b>	<b>SC</b>
<b>022</b>	<b>34200</b>	<b>62200</b>	Liquidación obra San Lázaro-Sergas.	2007-2-LAZAR-7	<b>7.355,44</b>	<b>SC</b>
<b>050</b>	<b>15100</b>	<b>60000</b>	Pago xustiprecio expropiación FINSA.	2014-2-FINSA-14	<b>150.391,13</b>	<b>SC</b>
<b>TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO</b>					<b>685.864,36</b>	<b>SC</b>
<b>20</b>	<b>34200</b>	<b>62300</b>	SUMINISTRACIÓN DESFIBRILADORES	2014-2-DESFI-74	<b>13.345,52</b>	<b>CE</b>
<b>TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO</b>					<b>13.345,52</b>	<b>CE</b>
<b>TOTAL</b>					<b>699.209,88</b>	

B) Financiamento: 699.209,88 euros

Remanente de tesourería afectado **507.156,83 euros**

Baixas por anulación doutras aplicacións orzamentarias: **192.053,05 euros**

CONCEPTO DE INGRESOS INCREMENTADO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.10	Remanente de tesourería afectado	<b>507.156,83 euros</b>
<b>BAIXAS POR ANULACIÓN</b>		
050 15100 61900 PROXECTO 2014-2-HUMUR-21	Urbanismo. Outras inversíons	180.193,65 euros
050 15100 21000	Urbanismo. Reparación, mantemento e conservación de infraestruturas	11.859,40 euros
<b>TOTAL</b>		<b>192.053,05 euros</b>

C) Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	13.345,52 euros
2.- Total suplemento de crédito.....	685.864,36 euros
3.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	0 euros
b) Baixas por anulación.....	192.053,05 euros
c) Remanente de tesourería afectado	507.156,83 euros
4.- Financiamento igual a habilitación CE/SC.....	699.209,88 euros

### **Normativa aplicable.**

- a) RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei Reguladora de Facendas Locais, artigos 177, 213 á 222 e DA 16ª. (TRLFL)
- b) RD 500/1990, de 20 de Abril, Regulamento orzamentario, artigos 36 e 37
- c) Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local
- d) Instrucción de Modelo Normal de Contabilidade Local
- e) Bases de Execución 12 á 17 do Orzamento para 2014.

### **INFORME.**

Remitido o expediente enriba mencionados, esta Intervención, ó abeiro do sinalado no artigo 177 TRLRFL, 37 RD 500/1990, 32 LOEP e DA 16ª TRLFL, emite o seguinte INFORME PRECEPTIVO:

#### **1. Verificación do axuste a la legalidade do expediente de modificación.**

Este tipo de modificación orzamentaria está regulada no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de Abril. Cumpre analizar se o gasto que se propón incrementar e as súas fontes de financiamento axústanse as disposicións legais.

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito, nos casos de inexistencia de crédito, en que se incoa o expediente de crédito extraordinario, o de insuficiencia, en que procede o suplemento de crédito (artigo 177 TRLRFL e 35.1 RD 500/1990). Acredítase non expediente o cumprimento de estes requisitos.

O remanente de tesourería figura como uns dos recursos de financiamento de dita modificación de crédito. Neste caso vaise a utilizar o remanente líquido de tesourería afectado de determinados proxectos de gasto co financiamento afectado, nos que desistiuse, terminaron co economías ou non se va seguir executando o gasto motivos parecidos, áinda que o financiamento afectado ingresouse no seu día, consistente en préstamos recibidos en exercicios anteriores. Polo tanto, mantense o financiamento afectado do préstamo as inversións que agora se propón.

A outra fonte de financiamento son as baixas por anulación de créditos que non van a ser utilizados, como acredítase no expediente.

## **2. Tramitación e aprobación do expediente.-**

Segundo os artigos 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora de Facendas Locais, e 38 do RD 500/1990, serán de aplicación ós expedientes de concesión de créditos extraordinarios as normas sobre aprobación, información, reclamacións e publicidade e recurso contencioso-administrativo aplicables ós orzamentos, así como as normas establecidas nas Bases de Execución do Orzamento Municipal de 2014:

I. Proposta do/a Concelleiro/a delegado/a que teña ó seu cargo a xestión dos créditos ou sexa responsable dos correspondentes programas.

II. Informe preceptivo do Interventor.

III. Ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, preceptivo a tenor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.

IV. Aprobación pola Xunta de Goberno Local.

V. Aprobación inicial polo Pleno Corporativo, bastando a maioría simple (artigo 47.1 da Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora de Bases de Réxime Local).

VI. Exposición ó público do acordo de aprobación inicial durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no taboero de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante dito plazo ante o Pleno.

VII. O expediente se considerará definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resvelas,

contado a partir do día seguinte á finalización do da exposición ó público, e as reclamacións se considerarán denegadas en calquera caso si non se resolven no acordo de aprobación definitiva.

VIII. O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial será insertado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, ademais de no taboedo de anuncios.

IX. Da concesión de créditos extraordinarios se remitirá copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda. A remisión se fará simultaneamente ó envío ó Boletín Oficial da Provincia a que se refire o apartado anterior.

X. Contra a aprobación definitiva da concesión de créditos extraordinarios poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición.

A modificación entrará en vigor unha vez teña lugar a publicación a que fai referencia o punto VIII anterior.

En canto ao expediente de concesión de crédito extraordinario do Auditorio, o artigo 177.3 do TRLFL esixe que sexa o Concello quen o tramite, consonte o procedemento sinalado nos apartados anteriores.

### **Conclusións.**

Infórmase favorablemente o expediente de crédito extraordinario/suplemento de crédito nº 2014-crext-03, para investimentos financiados con cargo a remanente de tesourería afectado e baixas por anulación doutras aplicación orzamentarias de gasto.”

Achegados ao expediente figuran tamén os informes proposta do Director da área de DUS e a proposta da concelleira delegada de desenvolvemento urbano e sostible, así como o informe-proposta do xefe da sección de deportes e proposta da concelleira delegada de servizos sociais.

Figura tamén no expediente unha memoria económica específica asinada polo concelleiro delegado da área de facenda e pola directora da área de facenda e orzamentos.

Rematado o debate, o **Sr. alcalde-presidente** somete o punto da orde do día a **votación ordinaria**, co seguinte resultado:

**Votos a favor: 13 PP**

**Votos en contra: 4 PSdeG-PSOE**

**Abstencións: 3 BNG**

Polo que o Pleno da Corporación, e de conformidade co Ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas correspondente a súa reunión do 6 de novembro de 2014, e consonte cos informes referidos con anterioridade, acorda por maioría absoluta do número legal do seus membros:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o expediente de Crédito extraordinario/Suplemento de crédito nº 2014-CREXT-03, para investimentos financiados con cargo a remanente de tesourería afectado e baixas por anulación doutras aplicacións orzamentarias de gasto, por importe total de **699.209,88 euros**.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación CRÉDITO EXTRAORDINARIO/SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

PARTIDA INCREMENTADA			DENOMINACIÓN	PROXECTOS	IMPORTE	TIPO MC
050	45400	61900	Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde POS 2013.	2013-2-PPROV-35	21.000,00	SC
050	15100	60902	Dirección de obra A Muiña. Vivendas de realxo	2013-4- MUIÑA-13	12.422,05	SC
050	15100	60902	Dirección de obra SUNP-11 Castiñeiriño.	2013-2-SUN11-13	6.636,85	SC
050	15100	60901	Proxecto Urbana Santiago Norte. Achega municipal.	2009-3-URBAN-1	488.058,89	SC
022	34200	62200	Liquidación obra San Lázaro-Sergas.	2007-2-LAZAR-7	7.355,44	SC
050	15100	60000	Pago xustiprecio expropiación FINSA.	2014-2-FINSA-14	150.391,13	SC
TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO					685.864,36	SC

<b>20</b>	<b>34200</b>	<b>62300</b>	SUMINISTRACIÓN DESFIBRILADORES	2014-2-DESF-74	<b>13.345,52</b>	<b>CE</b>
			<b>TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO</b>		<b>13.345,52</b>	<b>CE</b>
			<b>TOTAL</b>		<b>699.209,88</b>	

B) Financiamento: 699.209,88 euros

Remanente de tesourería afectado **507.156,83 euros**

Baixas por anulación doutras aplicacións orzamentarias: **192.053,05 euros**

CONCEPTO DE INGRESOS INCREMENTADO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.10	Remanente de tesourería afectado	<b>507.156,83 euros</b>
BAIXAS POR ANULACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
050 15100 61900 PROXECTO 2014-2-HUMUR-21	Urbanismo. Outras inversíons	180.193,65 euros
050 15100 21000	Urbanismo. Reparación, mantemento e conservación de infraestruturas	11.859,40 euros
<b>TOTAL</b>		<b>192.053,05 euros</b>

C) Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	13.345,52 euros
2.- Total suplemento de crédito.....	685.864,36 euros
3.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	0 euros
b) Baixas por anulación.....	192.053,05 euros
c) Remanente de tesourería afectado	507.156,83 euros
4.- Financiamento igual a habilitación CE/SC.....	699.209,88 euros

**SEGUNDO:** Expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

E non sendo outro o obxecto da sesión o Sr. alcalde-presidente deuna por finalizada sendo as **11 horas e 15 minutos** do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifíco.

O alcalde-presidente

O secretario

Agustín Hernández Fernández de Rojas

Juan Manuel Salguero del Valle.